

CAMPUS DE OURENSE DA UNIVERSIDADE DE VIGO:

QUÉ TEN, QUÉ NECESITA

Índice

1. <i>Introdución</i>	
1.1. <i>Sociedade do coñecemento e Universidade</i>	3
1.2. <i>Expansión universitaria e Sistema Universitario de España</i>	5
1.3. <i>Sistema Universitario de Galicia</i>	8
1.4. <i>Campus de Ourense. Papel da sociedade civil</i>	9
1.5. <i>Financiamento e retorno económico</i>	10
1.6. <i>Obxectivo e organización da memoria</i>	13
2. <i>Gobernanza</i>	
2.1. <i>Centros docentes e centros de I+D+i</i>	14
2.2. <i>Órganos colexiados</i>	15
2.3. <i>Órganos unipersonais</i>	15
2.4. <i>Execución do gasto</i>	17
3. <i>Docencia</i>	
3.1. <i>Número de estudantes</i>	20
3.2. <i>Persoal docente e de administración e servizos</i>	20
3.3. <i>Oferta de grao</i>	22
3.4. <i>Mestrados. Galicia 2030</i>	24
3.5. <i>Doutoramento e outros programas</i>	25
4. <i>Investigación e transferencia</i>	
4.1. <i>Persoal investigador</i>	26
4.2. <i>Grupos de investigación e centros de I+D+i</i>	26
4.3. <i>Fondos captados e produción investigadora</i>	28
4.4. <i>Actividades de transferencia de coñecemento e facturación</i>	29
5. <i>Infraestruturas</i>	
5.1. <i>Recintos e Avenida Otero Pedrayo</i>	32
5.2. <i>Edifícios e outras infraestruturas</i>	34
6. <i>Inserción laboral</i>	
6.1. <i>Prácticas en empresa e institucións alleas</i>	36
6.2. <i>Estatísticas do estudantado egresado</i>	37
7. <i>Proxección social</i>	
7.1. <i>Actividades culturais, deportivas e saudables</i>	39
7.2. <i>Rankings internacionais. Responsabilidade social</i>	40
8. <i>Axenda 2030 do campus de Ourense</i>	
8.1. <i>Contexto e políticas actuais</i>	42
8.2. <i>Análise DAFO</i>	44
9. <i>Epílogo</i>	47
<i>Referencias e fontes de información</i>	48

FORO LICEO
“E OURENSE TAMÉN”

LISTAXE DE TÁBOAS E FIGURAS

- Táboa 1.** Previsión orzamentaria da UVigo.
- Táboa 2.** Centros docentes do campus de Ourense.
- Táboa 3.** Clasificación económica de gastos orzamentados da UVigo.
- Táboa 4.** Clasificación funcional de gastos orzamentados da UVigo.
- Táboa 5.** Previsión de gasto por programa da UVigo.
- Táboa 6.** Número de membros do PDI con destino no campus de Ourense.
- Táboa 7.** Número de membros do PAS con destino no campus de Ourense.
- Táboa 8.** Evolución histórica da oferta de titulacións do campus de Ourense.
- Táboa 9.** Oferta de prazas nas titulacións de grao do campus de Ourense.
- Táboa 10.** Oferta de prazas nas titulacións de mestrado do campus de Ourense.
- Táboa 11.** Titulacións de mestrado do estudo Galicia 2030 da UVigo.
- Táboa 12.** Investigadores/as con adicación exclusiva do campus de Ourense.
- Táboa 13.** Rede de centros de investigación acreditados pola Xunta de Galicia.
- Táboa 14.** Grupos de investigación do campus de Ourense.
- Táboa 15.** Fondos de investigación captados por grupos do campus de Ourense.
- Táboa 16.** Actividades de transferencia e facturación do campus de Ourense.
- Táboa 17.** Prácticas en empresas por titulación do campus de Ourense.
- Táboa 18.** Actividades culturais celebradas no campus de Ourense.
- Táboa 19.** Actividades deportivas e saudables celebradas no campus de Ourense.
- Táboa 20.** Posición da UVigo nos rankings internacionais.
- Táboa 21.** Posición da UVigo no ranking Times Higher Education Impact.
-
- Figura 1.** Evolución temporal do orzamento da Universidade de Vigo.
- Figura 2.** Grupos de investigación da UVigo por ámbito de coñecemento.
- Figura 3.** Fondos de investigación e número de proxectos captados por la UVigo.
- Figura 4.** Actividades de transferencia da UVigo por ámbito de coñecemento.
- Figura 5.** Actividades de transferencia da UVigo por perfil do contratante.
- Figura 6.** Facturación da UVigo por perfil do contratante.
- Figura 7.** Titulacións do campus de Ourense con maior demanda laboral.

1. INTRODUCCIÓN

1.1. *Sociedade do coñecemento e Universidade*

No ano 2000 a Organización de Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, UNESCO, sinalou como un dos *Obxectivos de Desenvolvemento para o Milenio* a implementación de “sociedades do coñecemento”.¹ Trátase dun ideal inclusivo e garantista que persegue que cada territorio empregue o coñecemento como ferramenta básica para o progreso económico e social, contribuindo ao mesmo tempo a potenciar a riqueza cultural e lingüística así como calquera outra faceta tradicional.

Unha sociedade do coñecemento outórgalle especial importancia aos seguintes dereitos fundamentais proclamados nos artigos 19, 26 e 27 da *Declaración Universal de Dereitos Humanos* (París, 1948): o dereito á liberdade de opinión e expresión e a liberdade de prensa e académica, o dereito á educación e o dereito a tomar parte libremente na vida cultural da comunidade, a gozar das artes e a participar no progreso científico e nos beneficios que de él resulten.

O dereito á educación e os seus corolarios están plasmados no artigo 13 do Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, PIDESC, aprobado en 1966 en Nova York por Nacións Unidas. Explícitamente:

1. Os Estados Partes no presente pacto recoñecen o dereito de toda persoa á educación. Conveñen que a educación debe orientarse cara o pleno desenvolvemento da personalidade humana e o sentido da súa dignidade e debe fortalecer o respecto polos dereitos humanos e as liberdades fundamentais. Conveñen asimesmo en que a educación debe capacitar a tódalas persoas para participar efectivamente nunha sociedade libre, favorecer a comprensión, a tolerancia e a amizade entre tódalas nacións e entre tódolos grupos raciais, étnicos ou relixiosos e promover as actividades das Nacións Unidas en pro do mantemento da paz.

2. Os Estados Partes no presente Pacto recoñecen que co obxectivo de lograr o pleno exercicio deste dereito: a) a ensinanza primaria debe ser obrigatoria e asequible a todos gratuitamente; b) a ensinanza secundaria, nas súas diferentes formas incluíndo a ensinanza secundaria técnica e profesional, debe ter carácter

xeral e facerse accesible a todos por cuantos medios sexan apropiados e, en particular, pola implantación progresiva da ensinanza gratuita; c) a ensinanza superior debe facerse igualmente accesible a todos, sobre a base da capacidade de cada un, por cantos medios sexan apropiados e, en particular, pola implantación progresiva da ensinanza gratuita; d) debe fomentarse ou intensificarse na medida do posible a educación fundamental para aquelas persoas que non teñan recibido ou rematado o ciclo completo de instrucción primaria; e) débese proseguir activamente ao desenvolvemento do sistema escolar en tódolos ciclos de ensinanza, implantar un sistema axeitado de becas e mellorar continuamente as condicións materiais do corpo docente.

3. Os Estados Partes do presente pacto comprométense a respectar a liberdade dos pais e, no su caso, dos tutores legais, de escoller para os seus fillos ou pupilos escolas distintas das creadas polas autoridades públicas, sempre que aquelas satisfagan as normas mínimas que o Estado prescriba ou aprobe en materia de ensinanza e de facer que os seus fillos ou pupilos reciban a educación relixiosa ou moral que estea dacordo coas súas propias conviccións.

4. Nada do disposto neste artigo será interpretado como unha restricción da liberdade dos particulares e entidades para establecer e dirixir institucións de ensinanza, a condición de que se respecten os principios enunciados no parágrafo 1 e de que a educación dada nesas institucións se axuste ás normas mínimas que prescriba o Estado.

O PIDESC ten sido asinado por 166 (dos pouco menos de 200) países do mundo. É un pacto vinculante que compromete ás partes a traballar para avanzar na concesión dos dereitos económicos, sociais e culturais das persoas, incluídos os dereitos laborais e os dereitos á saúde, á educación e a un nivel de vida axeitado. Entrou en vigor en 1976 e dende o ano 2013 está complementado por un protocolo facultativo polo cal as obrigacións adquiridas poden ser esixidas legalmente.

Calquera avance nos obxectivos do artigo 13 do PIDESC permite construír mellores sociedades do coñecemento. Nese proceso, a Universidade está chamada a xogar un papel fundamental. A Universidade constitúe un espazo de liberdade

intelectual e espírito crítico, de afirmación de valores éticos e humanísticos e de creación e extensión da cultura. Dela dependen a educación avanzada e enfocada ao mundo profesional así como o desenvolvemento científico e tecnolóxico, de xeito que a institución académica funciona de facto como motor de desenvolvemento económico. Concretamente, as empresas e os seus centros de decisión nótense de persoal de alta cualificación académica e establécense nos países onde se teñen desenvolvido as patentes, que moitas veces teñen a súa orixe en novos coñecementos xerados nas universidades e centros de investigación da contorna. Potenciando este ecosistema da innovación pódese chegar a conseguir que o sistema universitario sexa capaz de reter e atraer talento que produza novos coñecementos que rematen por impulsar o sector secundario, cuxos postos de traballo multiplícanse aproximadamente por tres no sector terciario. Xorde neste ciclo virtuoso o concepto de *economía do coñecemento*.

1.2. Expansión universitaria e Sistema Universitario de España

O grao de avance na consecución do obxectivo do PIDESC dunha ensinanza superior accesible a todos vese reflexado no formidable aumento do número de estudantes universitarios nos últimos cincuenta anos. Concretamente, entre 1970 e 1990 o número de estudantes matriculados no mundo pasou de 28 a 69 millóns, en 2002 ascendía a 122 millóns e a previsión para 2025 é chegar a 150 millóns. O país cun maior número de estudantes universitarios é EE.UU., con 14 millóns. En España, firmante do PIDESC dende 1976, pasouse de 445.000 estudantes en 1973 a 1.578.000 en 2000 e dende entón ese número ten permanecido estable, cun 55% de mulleres. Actualmente, case o 45% da poboación española entre 30 e 35 anos está en posesión dun título universitario e o crecemento do número de estudantes tense producido de xeito máis pronunciado que o da poboación xoven. Este último dato reflicta o esforzo na ampliación dos sectores da poboación que acceden aos estudos universitarios.

O incremento da demanda de estudos universitarios ten levado aparelado un aumento do número de universidades. Durante os anos 80 e 90 o número de universidades en España tense triplicado, creándose campus en tódolos núcleos

poboacionais de mais de 50.000 habitantes. Este proceso de expansión e configuración do que hoxe se coñece como *Sistema Universitario de España*, SUE, foi levado a cabo co impulso da Lei Orgánica 11/1983 de Reforma Universitaria. Ao abeiro do principio de *Autonomía Universitaria* proclamado na Constitución Española, dita Lei prescribiu a necesidade imperativa de revisar o tradicional réxime administrativo centralista da Universidade Española. Actualmente hai arredor de 85 universidades, unha por cada 550.000 habitantes. Alemaña ten recoñecidas a día de hoxe arredor de 380 universidades, unha por cada 220.000 habitantes.

A expansión universitaria española ten vido acompañada dun proceso de descentralización mediante o que moitas das competencias en materia universitaria teñen sido transferidas dende a Administración Xeral do Estado ás Administracións Autonómicas. A través do Ministerio de Universidades, o Goberno de España vela polo cumprimento das directrices do Espazo Europeo de Educación Superior, marca as pautas xerais que emanan da correspondente Lei de Universidades e outras normativas de rango superior e, a través da *Conferencia Xeral de Política Universitaria*, exerce a coordinación das Comunidades Autónomas na planificación universitaria. Estas últimas están en posesión dos niveis competenciais que lle permiten exercer o impulso, coordinación e tutela das universidades dos seus respectivos territorios, que, ao abeiro da Autonomía Universitaria, teñen atribuídas competencias exclusivas como a elaboración de plans de estudos, a selección de persoal docente e investigador ou a elaboración dos seus propios orzamentos. O resultado neto é que a planificación de todo o que ten que ver co mapa de titulacións de grao, máster e doctorado así como a dotación orzamentaria para docencia, investigación e infraestructuras lévase a cabo conxuntamente entre os departamentos das Comunidades Autónomas competentes en materia universitaria e os reitorados das universidades. Esta estrutura competencial foi disposta orixinalmente na Lei 11/1983 e ten continuidade na Lei 6/2001 vixente que a substituiu así como o Anteproxecto de Lei Orgánica do SUE.²

Un informe publicado en 2013 por unha comisión de expertos³ fai unha revisión crítica do percorrido de 30 anos dende a Lei 11/1983 e propón retos

futuros cos que mellorar o SUE. Dito informe céntrase en cinco aspectos fundamentais:

- Selección de persoal docente e investigador (PDI).
- Calidade, excelencia e competitividade.
- Gobernanza.
- Financiación.
- Idoneidade das titulacións.

A comisión de expertos identifica a selección do PDI como un aspecto crucial, pois “unha Universidade vale, sobre todo, o que vale o seu claustro de PDI”. Dunha adecuada selección de PDI dependen directamente a calidade, excelencia e competitividade dunha Universidade e, neste sentido, o indicador mais relevante é a investigación. As Universidades mais puxantes caracterízanse por ter investigadores/as na fronteira do coñecemento (premios Nobel, etc.) así como unha alta proporción de persoal adicado á investigación. Isto último pódese cuantificar no SUE mediante os “tramos de investigación recoñecidos” que un/unha investigador/a pode ter, vulgarmente coñecidos como *sexenios*. Os resultados do ano 2013 eran:³ dun máximo de seis sexenios posible, un 37,6% do PDI funcionario non tiña ningún, un 20% soamente posuía un, e un 18,4% estaba en posesión de dous. Unha cuestión adicional é o envellecemento dos cadros de persoal: soamente o 1,5% do PDI funcionario ten menos de 40 anos e a media de idade do profesorado catedrático é de 59 anos.²

Froito dunha investigación de excelencia, os coñecementos xerados nas Universidades poden chegar ao sector produtivo. Neste aspecto, a comisión de expertos préstalle atención ao baixo número de patentes xeradas. En números, no ano 2010 o SUE tivo 401 patentes mentres que un só profesor do Massachusetts Institute of Technology, Robert Langer, ten 811 patentes ao seu nome que teñen sido empregadas por 250 empresas e provocado á creación de 25 novas empresas.

Sobre a gobernanza, o informe da comisión de expertos critica que a existencia de demasiados órganos de goberno con demasiados membros ten como resultado que os procesos de decisión sexan longos, custosos e pouco eficientes. Ademáis, o actual sistema de gobernanza das universidades provoca que os

colectivos que as integran, parte interesada e decisoria ao mesmo tempo, pugnen polos seus intereses inmediatos e non pola excelencia académica. Isto remata por tinguir os procesos de decisión de corporativismo, o que afecta a cuestións tan importantes como a oferta de titulacións.

O financiamento universitario é outro aspecto fundamental. Aínda que as Leis 11/1983 e 6/2001 foron desenvolvidas cun avance en financiación con respecto a épocas anteriores, a crise económica de 2008 provocou a imposición de normas de disciplina orzamentaria (a través da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira) que supuxeron unha diminución do financiamento universitario dun 10% durante o período 2009-2018.² O gasto en educación universitaria en España sitúase arredor dun 0.8% do PIB, por debaixo do 1.22% de media dos estados membros da UE.²

1.3. Sistema Universitario de Galicia

O proceso de descentralización e expansión universitaria iniciado en España nos anos 80 contou de xeito adicional en Galicia coa Lei 11/1989 de Ordenación do Sistema Universitario de Galicia. O preámbulo de dita Lei sinala a precariedade da situación universitaria da Galicia de finais da década dos 80, caracterizada por “unha das taxas mais baixas de escolarización universitaria de Europa” e “un incompleto e deficiente” abanico de titulacións. Compre sinalar que ata o ano 1989 o “Servicio Universitario Galego” estaba centralizado na Universidade de Santiago de Compostela. Dela dependían os restantes centros universitarios da Comunidade Autónoma, que eran os Colexios Universitarios de A Coruña, Lugo, Vigo e Ourense e algunhas escolas e facultades (Escola de Arquitectura en A Coruña, Escolas de Enxeñería en Vigo, Facultade de Veterinaria en Lugo ou Escola de Maxisterio en Ourense).

A prescripción fundamental de Lei 11/1989 foi a configuración do que hoxe se coñece como *Sistema Universitario de Galicia*, *SUG*, con campus en A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Vigo, Pontevedra e Ourense agrupados en tres universidades (A Coruña, Santiago e Vigo). A listaxe de universidades galegas completase coa Universidade Intercontinental da Empresa,

unha institución privada aprobada polo Parlamento de Galicia en 2021. A oferta universitaria privada de Galicia conta ademáis dende hai anos coas titulacións de CESUGA, como centro adscrito á Universidade San Jorge con sede na Comunidade Autónoma de Aragón.

1.4. Campus de Ourense. Papel da sociedade civil

Lóxicamente, unha das primeiras tarefas para o campus de Ourense foi a dotación de espazos físicos axeitados nos que concentrar as facultades e os distintos servizos. Un fito importante foi a cesión gratuita por parte da Deputación Provincial de Ourense de tódalas parcelas do Antigo Hospital Provincial de As Lagoas. De seguido, a expropiación por parte do Concello de Ourense dunha propiedade privada preto da Avenida Otero Pedrayo rematou por configurar o que hoxe se coñece como Campus Norte. A mediados dos anos 90 as autoridades políticas locais e da Xunta de Galicia fíxeron posible a creación do Campus Sur, unha parcela cunha extensión de 17 hectáreas ubicada preto do Campus Norte e separada del pola Avenida Otero Pedrayo.

A creación destes dous recintos académicos levou lóxicamente aparelada a configuración da oferta de titulacións correspondente. Esta historia está impregnada de diálogo social dende os seus inicios. Non se pode falar do campus de Ourense prescindindo do papel reivindicativo que a sociedade civil ourensá ten xogado durante os mais de trinta anos do seu desenvolvemento.^{4,5} Naturalmente, a sociedade civil está chamada a participar activamente na configuración da súa sociedade do coñecemento. Pero ¿ónde reside concretamente a lexitimidade da súa implicación na educación superior?

A sociedade demanda profesionais co elevado nivel cultural, científico e técnico que soamente a Universidade pode proporcionar e, ademáis, esixe unha formación permanente ao longo de toda a vida, non soamente na orde económica senón tamén como modo de autorrealización persoal. Este papel esencial que o sistema universitario xoga no progreso económico e social motiva que o rol fundamental da institución universitaria teña que vir acompañado da esixencia por parte da sociedade de niveis de idoneidade e calidade do servizo que presta.

A aceptación desta realidade ten provocado que a planificación universitaria se teña ido alonxando pouco a pouco dunha concepción elitista e intelectualmente pechada e excluinte, para entablar unha relación de diálogo e colaboración cos axentes económicos, sociais e culturais.

Aínda queda un longo camiño por percorrer para que a comprensión mutua entre as distintas partes alcance niveis óptimos pero, sen dúbida, quen ten promovido este necesario entendemento en Ourense son os medios de comunicación. Certamente, unha sociedade do coñecemento leva aparellada unha sociedade da información xa que, por unha banda, o coñecemento soamente é verdadeiramente útil cando é compartido e, pola outra, a información contribúe decisivamente ao desenvolvemento humano cando é obxecto de reflexión, crítica e confrontación sobre a base do coñecemento. A información entra de cheo, do mesmo xeito que a educación e a cultura, na lista de dereitos fundamentais proclamados na *Declaración Universal dos Dereitos Humanos*.

1.5. Financiamento e retorno económico

A Figura 1 amosa a evolución do orzamento da Universidade de Vigo durante os últimos anos, mentres que a Táboa 1 detalla a previsión de ingresos para o exercicio económico correspondente ao ano 2022. O orzamento da Universidade de Vigo sitúase nun punto intermedio entre o da Universidade de Santiago de Compostela (arredor de 260 millóns de euros) e o da Coruña (arredor de 150 millóns de euros). A Táboa 1 amosa a previsión de ingresos da Universidade de Vigo para o exercicio económico correspondente ao ano 2022. Dela infírese que a meirande parte dos ingresos da Universidade de Vigo procede das institucións públicas —con mención particular para a Comunidade Autónoma— a través de transferencias correntes e transferencias de capital asociadas á investigación.




Figura 1. Evolución temporal do orzamento da Universidade de Vigo.⁶

É natural preguntarse sobre o retorno económico deste investimento. Un estudo correspondente ao trienio 2014-2016⁷ cuantifica o impacto económico do campus de Ourense no seu territorio de influencia en sete millóns de euros anuais, que se desglosan aproximadamente en 4,5 millóns correspondentes ao impacto económico directo dos preto de 400 traballadores da institución académica, 2,2 ao dos preto de 4.600 estudantes de grao, mestrado e doutoramento e 0,3 ao que xera a propia Universidade de Vigo por gastos orzamentados. Este estudo soamente cuantifica o impacto no sector servizos e non ten en conta o “impacto intanxible” en materia de transmisión e xeración de coñecemento. Efectivamente, a inserción laboral dos egresados nas empresas da contorna e a prestación de servizos dunha Universidade contribúen ao desenvolvemento do territorio.

En termos xerais, a Universidade é un elemento indispensable máis no desenvolvemento de Ourense e con influencia en aspectos socioeconómicos tan vitais como a demografía, o desenvolvemento comercial e empresarial, a inversión pública e o estado do benestar. Estamos a falar da única provincia galega que non está a crecer economicamente; que ao longo dos últimos anos está a perder 4,2 habitantes por día, sendo a terceira máis envellecida de Europa; que ten unha renda disponible media similar á de Lugo pero un 13% inferior á da Coruña e un 8,3 % inferior á de Pontevedra; que ten unha pensión contributiva media que está

un 13% por debaixo do promedio galego; que en comparación con outras provincias ten recibido unha reducida inversión pública en estradas e ferrocarril; que recibe do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e do Fondo Europeo Agrario de Garantía menos do que lle corresponde; e que conta cun menguado estado do benestar froito dun insuficiente investimento en sanidade e educación.⁸

Táboa 1. Clasificación económica da previsión orzamentaria de ingresos da Universidade de Vigo para o exercicio económico 2022.⁶

Capítulo	Artigo	Cantidade (en euros)
III	Tasas, prezos públicos e outros ingresos	17.133.000
IV	Transferencias correntes	139.843.852
	Da Unión Europea	755.547
	Da Administración do Estado	4.750.903
	Do Ministerio de Ciencia e Innovación	2.810.903
	Do Fondo de Recuperación e Resiliencia	1.940.000
	De organismos autónomos administrativos	2.341.558
	Da Xunta de Galicia	130.192.344
	Financiamento estrutural	82.591.471
	Financiamento por resultados	39.349.733
	Persoal de investigación	3.817.000
	Outras subvencións	4.434.140
	De corporacións locais	449.500
	De deputacións	329.500
	De empresas privadas	987.500
	De familias e institucións sen ánimo de lucro	426.500
V	Ingresos patrimoniais	400.000
VII	Transferencias de capital	28.264.126
	Da Administración do Estado	15.051.126
	De ministerios (investigación, etc.)	12.461.000
	Do Fondo de Recuperación e Resiliencia	2.590.126
	Da Xunta de Galicia	6.710.000
	Proxectos de investigación	6.710.000
	De empresas privadas	6.500.000
	Contratos de investigación	6.500.000
	Doutros	3.000
VIII	Variación de activos financeiros	12.805.394
	Remanentes de tesourería	12.805.394
Total		198.676.372

1.6. Obxectivo e organización da memoria

O desenvolvemento do campus de Ourense sitúa diante de todos nós unha formidable tarefa con compoñentes económica, social e política. Económica polo status do coñecemento como fonte de desenvolvemento. Social por canto a sociedade civil debe exercer a súa responsabilidade de participar activamente na vida pública para progresar na configuración da súa propia sociedade do coñecemento. E política porque, efectivamente, calquera mellora do campus de Ourense vai, con absoluta independencia da loita de partidos, ao corazón das políticas territoriais da Comunidade Autónoma. Así se infire do tenor literal do artigo 7 da Ley 6/2013 do Sistema Universitario de Galicia sobre equilibrio territorial e campus universitarios, que no seu punto 5 establece que “a Xunta de Galicia, dentro do ámbito das súas competencias, establecerá as accións e medidas necesarias para contribuir a conseguir o equilibrio entre campus”.

O obxectivo do presente traballo é analizar o estado actual do campus de Ourense e, sobre esa base e tendo en conta o contexto socioeconómico e político no que nos atopamos, adoptar unha posición activa e propositiva que poida contribuir a mellorar a situación. Nesta liña, os epígrafes 2-7 resumen a información obxectiva sobre o “qué ten” o campus. Dita información está ilustrada ca axuda de táboas e figuras que conteñen datos extraídos de fontes fiables.⁶⁻¹³ (Pedimos desculpas de antemán ante calquera eventual errata, imprecisión ou omisión). O epígrafe 8 céntrase no “qué necesita” e inclúe os retos e obxectivos que presumiblemente afrontará o campus de Ourense no que queda de década.

2. GOBERNANZA

2.1. Centros de docencia e de I+D+i

No nivel mais elemental, a Universidade organízase en departamentos, que son unidades administrativas de docencia e investigación encargadas de coordinar ámbitos de coñecemento determinados en toda a universidade e que teñen como competencia mais salientable a selección de persoal docente e investigador. Por outra banda, a organización das ensinanzas e os procesos académicos e administrativos para acadar os títulos de grao ou de mestrado oficiais corre a cargo dos centros docentes (facultades e escolas). A maiores, membros de PDI e investigadores/as pódense agrupar para constituir institutos e centros de investigación, que son centros de I+D+i enfocados á realización de tarefas de investigación e innovación nun campo do coñecemento específico. A xestión dos programas de doutoramento, vencellados á investigación, recae na Escola Internacional de Doutoramento. A Táboa 2 lista as escolas e facultades do campus de Ourense.

Táboa 2. Centros docentes do campus de Ourense.

Centro	Ámbito
Escola Superior de Enxeñaría Informática	Tecnoloxía
Facultade de Historia	Artes e Humanidades
Facultade de Educación e Traballo Social	Ciencias Sociais
Facultade de Ciencias	Ciencias Naturais
Escola Universitaria de Enfermaría*	Ciencias da Saúde
Facultade de Dereito	Ciencias Xurídicas
Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	Tecnoloxía
Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	Ciencias Sociais
Facultade de Relacións Internacionais	Ciencias Sociais

*Centro adscrito cuxa titularidade pertence actualmente á Consellería de Sanidade.

Cada membro de PDI pertence ao departamento correspondente á súa rama de coñecemento é a facultade ou escola onde teña concentrada en cada momento a meirante parte da súa docencia. Ten pois en xeral unha adscición dobre, que pode ser triple se ademáis pertence a un instituto ou centro de investigación. Todos estes centros contan con representantes do PAS.

2.2. *Organos colexiados*

Os procesos de decisión dos distintos centros docentes e de I + D + i lévanse a cabo a través dos órganos colexiados correspondentes, que son as Xuntas de Facultade ou de Escola no caso dos centros docentes, os Consellos de Departamento nos departamentos e os Órganos de Dirección nos centros de I + D + i. Por riba de todos eles e como entes *xerais* de goberno, coordinación e representación están o Consello de Goberno, o Claustro e o Consello Social.

O Consello Social é o órgano de representación mediante o que a sociedade participa na planificación universitaria. Está presidido por unha persoa nomeada por decreto da presidencia da Xunta de Galicia e conta con membros en representación do Parlamento de Galicia, da Xunta de Galicia, dos sindicatos maioritarios da Comunidade Autónoma, dos Concellos onde se ubican os campus, das organizacións empresariais máis representativas da economía galega, dos colexios profesionais e de antigos/as alumnos/as da universidade.

A maiores, os campus de Ourense e Pontevedra contan cada un cun Consello de Campus como órgano de representación e coordinación. As principais competencias do Consello de Campus ourensán son asistir ao equipo de goberno da Universidade nas súas funcións e velar polo seu correcto cumprimento.

2.3. *Órganos unipersoais*

Directamente vencellados aos órganos *xerais* e específicos están os órganos unipersoais. O reitor ou reitora preside o Consello de Goberno e o Claustro, desenvolve as súas liñas de actuación e executa os seus acordos. Exerce a dirección, o goberno e a xestión da Universidade e, como tal, é a súa máxima autoridade. É elixido/a pola comunidade universitaria entre os/as catedráticos/as de universidade en activo que presten os seus servizos na Universidade de Vigo, mediante elección directa e sufraxio universal libre e secreto, por un período de catro anos e con posibilidade dunha soa reelección. O reitor ou reitora nomea á persoa que exerce a Xerencia e escolle entre o funcionariado público da Universidade ao/á secretario/a xeral para xestionar os aspectos que teñen que ver

coa legalidade. Igualmente, nomea ao seu equipo de vicerreitores e vicerreitoras, nos que delega parte das súas competencias.

Actualmente, a Universidade de Vigo conta con once vicerreitorías nas seguintes áreas:

- Profesorado, Docencia e Titulacións.
- Investigación, Transferencia e Innovación.
- Planificación e Sustentabilidade.
- Relacións coa Empresa.
- Estudantado e Empregabilidade.
- Extensión Universitaria.
- Benestar, Equidade e Diversidade.
- Internacionalización.
- Comunicación e Relacións Institucionais.
- Campus de Ourense.
- Campus de Pontevedra.

Esta estrutura supón a delegación por parte do reitor de, entre outras, as seguintes competencias: elaboración do cadro de persoal docente e investigador, elaboración e modificación dos plans de organización docente (vicerreitor de Profesorado, Docencia e Titulacións); deseño e implantación de políticas que fomenten a investigación de excelencia e xestión de centros e institutos de investigación (vicerreitora de Investigación, Transferencia e Innovación); programación, supervisión e execución das novas infraestruturas e actuacións urbanísticas que afecten á Universidade (vicerreitor de Planificación e Sustentabilidade); relación UVigo-Empresa (vicerreitor de Relacións coa Empresa); promoción e difusión da oferta académica da Universidade e inserción laboral (vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade); proxección da Universidade na vida cultural e deportiva do seu territorio de influencia (vicerreitora de Extensión Universitaria); responsabilidade social e cooperación (vicerreitora de Benestar, Equidade e Diversidade); relacións co exterior e programas e proxectos internacionais (vicerreitora de Internacionalización); comunicación interna e externa e relacións con outras entidades públicas e privadas (vicerreitora de Comunicación e Relacións Institucionais). Pola súa

banda, a vicerreitora do campus de Ourense ten delegadas as competencias de proxección, coordinación e representación da universidade no ámbito territorial do campus de Ourense así como todas aquelas relacionadas directamente cos asuntos específicos do campus de Ourense.

Os/as decanos/as e directores/as de escola teñen delegada polo reitor a firma de resolucións dos seguintes asuntos relacionados cos estudos de grao e máster:

- Admisión de alumnado en titulacións sen límite de prazas.
- Admisión dos traslados do alumnado para continuación de estudos, unha vez adoptadas as decisións polas comisións dos centros.
- Resolución de solicitudes de recoñecementos, adaptaciónes e validacións de materias.
- Resolución de solicitudes de modificacións matrícula: ampliación, canbeo e/ou anulación parcial de materias.
- Resolución de solicitudes de avaliación por compensación.

Os/as directores/as de departamento teñen delegada a competencia na concesión de permisos e licencias ao persoal docente investigador. Existen ademais outros cargos administrativos, como os/as directores/as de biblioteca, os/as administradores/as, as persoas responsables de servizos e unidades administrativas que ostentan competencias delegadas polo reitor. Na mesma situación atópanse a Xefatura do Servicio de Extensión Universitaria ou as Xefaturas de Área Académica

2.4. Execución do gasto

Sobre a base do principio de Autonomía Universitaria, o artigo 2 da vixente Lei 6/2001 outórgalle ás Universidades a competencia para elaborar, aprobar e

xestionar os seus orzamentos así como a administración dos seus bens. A Táboa 3 amosa a clasificación económica da previsión do orzamento da Universidade de Vigo para o exercicio correspondente ao ano 2022.

Táboa 3. Clasificación económica da previsión orzamentaria de gastos da Universidade de Vigo para o exercicio económico 2022.⁶

Capítulo	Denominación	Cantidade (en euros)
I	Gastos de persoal	122.361.464
II	Gastos correntes en bens e servizos	31.366.105
III	Gastos financeiros	457.450
IV	Transferencias correntes	7.226.024
V	Fondo de continxencia	300.000
VI	Investimentos reais	36.025.329
VII	Activos financeiros	140.000
VIII	Pasivos financeiros	800.000
Total		198.676.372

Un segundo nivel de clasificación do gasto refírese a estrutura funcional, para a que se atopa información detallada na Táboa 4. As asignacións orzamentarias a cada programa son executadas dacordo co desglose da Táboa 5, que atende á clasificación orgánica.

Táboa 4. Clasificación funcional da previsión orzamentaria de gastos da Universidade de Vigo para o exercicio económico 2022.⁶

Programa	Cantidade (en euros)
Docencia	3.847.768
Apoio ao alumnado e á docencia	6.951.536
Fomento e desenvolvemento da investigación	34.627.864
Dotación de fondos bibliográficos	2.109.100
Extensión universitaria	1.182.202
Dotación e mantemento de infraestruturas	18.177.504
Goberno e administración da universidade	131.780.398
Total	198.676.372

Táboa 5. Desglose de previsión de gasto por programa da Universisade de Vigo para o exercicio 2022 atendendo á clasificación orgánica.⁶

Programa	Orgánica	Cantidade (en euros)
Docencia	Escolas, facultades e departamentos	3.772.768
	Reitoría e Xerencia	75.000
Apoio ao alumnado	Reitoría e Xerencia	2.066.260
	Oficina de Relacións Internacionais	3.054.428
	Oficina de Proxectos Internacionais	1.581.848
	Vicerreitoría de Responsabilidade Social	40.000
	Escola Aberta de Formación Permanente	209.000
Investigación	Reitoría e Xerencia	1.693.035
	Cátedra Saramago (Fac. Filoloxía)	26.500
	Escola de Doutoramento	227.500
	Vicerreitoría de Investigación	20.343.000
	CACTI	674.800
	Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (Vigo)	254.140
	Vicerreitoría do Campus de Ourense	48.000
	CITI (Ourense)	80.000
	Cinbio (Vigo)	300.500
	Módulo Tecnolóxico Industrial (Vigo)	77.000
	Oficina de Proxectos Internacionais	3.680.700
	Departamentos	272.689
	Fondos bibliográficos	Biblioteca
Extensión universitaria	Vicerreitoría de Captación de Alumnado	489.028
	Vicerreitoría do Campus de Ourense	369.866
	Vicerreitoría do Campus de Pontevedra	158.308
	Vicerreitoría de Responsabilidade Social	75.000
	Escola Aberta de Formación Permanente	90.000
Infraestruturas	Reitoría e Xerencia	10.503.512
	Vicerreitoría de Planificación	3.795.600
	Vicerreitoría de Investigación	3.518.392
	Vicerreitoría do Campus de Ourense	180.000
	Vicerreitoría do Campus de Pontevedra	180.000
	Consello Social	367.850
Goberno e Administración	Valedoría Universitaria	12.000
	Reitoría e Xerencia	130.070.548
	Vicerreitoría de Captación de Alumnado	26.000
	Vicerreitoría do Campus de Ourense	741.000
	Vicerreitoría do Campus de Pontevedra	506.000
	Vicerreitoría de Responsabilidade Social	6.000
	Total	

3. DOCENCIA

3.1. Número de estudantes

O número total de estudantes da Universidade de Vigo está en torno a 20.000, dos cales arredor de 17.000 son de grao, 2.000 de mestrado, e 1.000 de doutoramento. O portal de transparencia da UVigo indica que no curso académico 2016-17 a institución recibiu 392 estudantes ERASMUS e 36 SICUE, mentres que no mesmo período os números de estudantes ERASMUS e SICUE da UVigo que estudaron noutras institucións foron 546 e 121, respectivamente.

O número total de estudantes matriculados no campus de Ourense sitúase arredor de 4.600, dos que máis de 4.000 son de grao. No tocante a novo ingreso, segundo datos oficiais da CiUG,⁹ no curso 2020-21 matriculáronse 972 estudantes, dos que 785 procedían do Bacharelato e 187 da Formación Profesional. Mais da metade dese milleiro de novos estudantes tiñan ao campus de Ourense como primeira preferencia. A maioría, 903, procedían da Comunidade Autónoma de Galicia, 44 doutras comunidades do territorio nacional e 25 de países da Unión Europea ou con acordo de intercambio con España. Dos galegos, 381 procedían da provincia de Ourense, 323 de Pontevedra, 157 de A Coruña e 42 de Lugo. Arredor dun 60% dos 4.600 estudantes do campus teñen a súa residencia habitual fóra da provincia.⁶

3.2. Persoal docente e de administración e servizos

A Universidade de Vigo conta con 1.497 profesores/as, dos cales a metade é persoal funcionario (arredor de 100 deles interino) e a outra metade persoal laboral (arredor de 400 deles fixo). Tendo en conta as cifras do parágrafo anterior, a ratio número de alumnos por profesor con adicación exclusiva é de 18. Por ámbito de coñecemento, o número de profesores/as nos tres campus é: 220 en Arte e Humanidades, 271 en Ciencias Naturais, 85 en Ciencias da Saúde, 536 en Ciencias Sociais e Xurídicas e 385 en Enxeñaría e Arquitectura. A idade media é de 52 anos e a porcentaxe de profesorado doutor ronda o 77%. A Táboa 6 desglosa o número de profesores/as do campus de Ourense por categoría e sexo, que fan un total de 342.⁶

Tódalas categorías de profesorado teñen vinculación permanente a excepción da de profesor/a asociado/a. En promedio, o número de horas de clase do profesorado permanente varía entre 150 e 240 h por curso académico, ao que lle hai que agregar as horas de tutoría (arredor de 250 h/curso) e exames. Tendo en conta que o profesorado asociado son profesionais externos contratados para aportar os seus coñecementos en materias específicas do ámbito profesional, a súa adicación é significativamente menor.

Neste contexto, compre mencionar a situación de precariedade da Escola de Enfermaría. Dos 25 membros de PDI do centro, soamente 3 teñen adicación exclusiva e 2 compatibilizan as súas tarefas académicas coa xestión da escola. Tendo en conta o número total de estudantes, que é arredor de 200, a ratio número de estudantes por profesor/a con adicación exclusiva é de 65 (mais de 3 veces por riba da media da UVigo).

Táboa 6. Número de profesores/as con destino no campus de Ourense.⁶

Categoría	Homes	Mulleres
Profesor/a Axudante Doutor/a	11	10
Catedrático/a de Universidade	21	7
Interino/a	10	20
Profesor/a Contratado Doutor/a	34	36
Profesor/a Titular de Universidade	58	52
Profesor/a Asociado/a	51	28
Profesor/a Emérito	2	1
Total	187	154

A Universidade de Vigo conta con 816 membros do persoal de administración e servizos, dos que 117 teñen o seu destino no campus de Ourense.⁶ A Táboa 7 desglosa o número de membros por categoría e sexo.

Táboa 7. Número de membros do persoal de administración e servizos con destino no campus de Ourense.⁶

Grupo	Homes	Mulleres
Funcionario/a A1		
Funcionario/a A2	4	10
Funcionario/a C1	3	32
Funcionario/a C2		2
Laboral fijo 1		4
Laboral fijo 2	2	1
Laboral fijo 3	18	11
Laboral fijo 4	23	7
Total	50	67

Táboa 8. Evolución histórica da oferta de titulacións do campus de Ourense a nivel de grao.⁵

Ano	Titulación	Centro
1959	Maxisterio	Escola Normal de A Ponte
1973	Xeografía e Historia (1º ciclo) Psicoloxía e Pedagogía (1º ciclo) Química (1º ciclo) Bioloxía (1º ciclo) Farmacia (1º curso)	Colexio Universitario (ata 1989)
1986	Empresariais (1º ciclo)	Campus Norte de As Lagoas Campus Sur de As Lagoas dende 1998, na Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo
1988	Enfermaría	CHUO, na Escola Universitaria de Enfermaría
1989	Xeografía e Historia (2º ciclo) Dereito Informática (1º ciclo) Tecnoloxía dos Alimentos (2º ciclo) Supresión de Farmacia	Facultade de Historia Facultade de Dereito Escola Superior de Enxeñaría Informática Facultade de Ciencias
1992	Educación Infantil Educación Primaria	Facultade e Educación e Traballo Social
1993	Supresión de Química Supresión de Bioloxía Supresión de Psicoloxía e Pedagogía Enxeñaría Agraria Traballo Social Educación Social	Facultade de Ciencias Facultade e Educación e Traballo Social
1994	Física	Facultade de Ciencias
1998	Informática (2º ciclo) Empresariais (2º ciclo)	Escola Superior de Enxeñaría Informática Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo
2003	Turismo	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo
2009	Supresión de Física Ciencias Ambientais	Facultade de Ciencias
2015	Dobre Grao en Dereito e ADE Dobre Grao en Informática e ADE	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo Facultade de Dereito Escola Superior de Enxeñaría Informática
2016	Enxeñaría Aeronáutica	Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo
2017	Dobre Grao en Turismo e Xeografía e Historia	Facultade de Historia Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo
2019	Supresión do Dobre Grao en Informática e ADE	
2020	Reimplantación do Dobre Grao en Informática e ADE	Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo Escola Superior de Enxeñaría Informática
2022	Grao en Intelixencia Artificial Grao en Relacións Internacionais	Escola Superior de Enxeñaría Informática Facultade de Relacións Internacionais

3.3. Oferta de grao

A Táboa 8 amosa a evolución histórica da oferta de titulacións do campus a nivel de grao. A Táboa 9 contén información da relación de prazas de novo ingreso ofertadas e a cobertura das mesmas así como as notas de corte para as titulacións de grao do campus de Ourense. Cara o curso 2022-23, ofértanse 1023 prazas de novo ingreso distribuídas entre 16 titulacións e 3 programas conxuntos (dobres graos). Eses números para o campus de Vigo son 1841, 29 e 4, respectivamente,

mentres que o campus de Pontevedra oferta 765 prazas entre 11 titulacións. Arredor dun 15% das prazas ofertadas están reservadas para titulados/as universitarios/as, estudantes maiores de 25 anos, deportistas e discapacitados.⁶

A matrícula do curso académico 2021-22 puxo de manifesto unha baixada na demanda do Grao en Turismo ata unha cobertura do 50%. Unha das causas deste descenso é o parón do sector económico asociado a estes estudos por causa da COVID. Outra, a oferta da mesma titulación a prezos públicos no campus da Coruña desde o curso 2020-21, un efecto que pode verse agravado pola implantación no campus de Santiago de Compostela dun Grao Dual en Innovación Gastronómica e Xestión Hoteleira. Segun ten trascendido nos medios de comunicación, actualmente estanse a desenvolver accións para atallar a situación.

Táboa 9. Oferta de prazas, solicitantes,* cobertura e notas de corte nas titulacións de grao do campus de Ourense.*****

Titulación	Oferta	Solicitantes	Cobertura	Corte
Grao en ADE	85	81	107%	5,0
Grao en Turismo	55	53	90%	5,7
Grao en Xeografía e Historia	40	52	152%	5,0
Grao en Educación Infantil	75	146	112%	8,9
Grao en Educación Primaria	75	146	117%	9,5
Grao en Educación Social	75	95	112%	7,5
Grao en Traballo Social	75	70	107%	5,1
Grao en Enxeñaría Informática	122	137	107%	9,1
Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	45	28	104%	5,3
Grao en Ciencias Ambientais	45	29	102%	5,4
Grao en Enxeñaría Agraria	45	9	33%	6,2
Grao en Enxeñaría Aeroespacial	50	210	122%	12,0
Grao en Enfermaría	50	270	108%	11,2
Grao en Dereito	53	54	109%	8,1
Grao en Relacións Internacionais	22			
Grao en Intelixencia Artificial	50			
Dobre Grao en ADE e Dereito	20	21	120%	10,6
Dobre Grao en Informática e ADE	6	10	117%	11,8
Dobre Grao en Turismo e Historia	10	15	110%	8,8

*En primeira preferencia. **Nota do último alumno matriculado. ***Datos extraídos do portal de transparencia da Universidade de Vigo para o curso académico 2020-21 a excepción das notas de corte, que se obtiveron a partir dos datos oficiais da Comisión Interuniversitaria de Galicia (CiUG) para o curso 2021-22.⁹

3.4. Mestrados. Galicia 2030

A Táboa 10 contén a relación de prazas ofertadas e a cobertura das mesmas para os mestrados do campus de Ourense. Cara o curso 2022-23, ofértanse 364 prazas distribuídas entre 11 titulacións. No campus de Vigo son 1174 prazas en 41 mestrados e no de Pontevedra 279 prazas en 9 mestrados.⁶

Táboa 10. Oferta de prazas e cobertura nas titulacións de mestrado do campus de Ourense no curso 2020-21.⁶

Titulación	Oferta	Cobertura
Máster en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade	5	60%
Máster en Avogacía	30	60%
Máster en Ciencia e Tecnoloxía Agroalimentaria e Ambiental	30	77%
Máster en Dificultades da Aprendizaxe e Procesos Cognitivos	25	100%
Máster en Dirección e Planificación do Turismo Interior e de Saúde	32	100%
Máster en Enxeñaría Informática	25	88%
Máster en Nutrición	24	75%
Máster en Operacións e Enxeñaría de Sistemas Aéreos Non Tripulados	12	75%
Máster en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria	72	100%
Máster en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural	20	95%
Máster en Xestión Empresarial do Deporte	25	113%

Táboa 11. Titulacións de mestrado en tramitación do estudo Galicia 2030 nas que participa a Universidade de Vigo.*

Título	Campus de impartición
Máster en Innovación Educativa	Pontevedra
Máster en Xestión da Experiencia do Cliente	Pontevedra
Máster en Economía Circular	Vigo
Máster en Biofabricación	Vigo
Máster en Fabricación Aditiva	Vigo
Máster en Vehículos Autónomos	Vigo
Máster en Intelixencia Artificial	Ourense
Máster en Internet of Things	Vigo
Máster en E-Government e Transformación Dixital	Vigo
Máster en Realidade Estendida	Vigo
Máster en Xestión Sostible da Auga	Vigo

*Información extraída das declaracións de interese de implantación dos títulos cara o curso académico 2023-24, aprobadas polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo na súa sesión do 11 de marzo de 2022.¹⁰

En clave de futuro no curto prazo, cómpre salientar o estudo Galicia 2030, levado a cabo pola Fundación Empresa-Universidad Gallega, FEUGA, co obxectivo de identificar perfís profesionais de futuro para, sobre esa base, propoñer mestrados que habiliten para exercer ditos perfís. De Galicia 2030 saíu unha

proposta de 13 mestrados interuniversitarios coa participación da Universidade de Vigo en 11 deles. Actualmente, a UVigo está no proceso de elaboración de 10 dos 11 mestrados nos que participa. Varios deles contan con participación puntual de persoal docente e investigador do campus de Ourense. Na Táboa 11 lístanse os mestrados en proceso xunto cos campus de impartición correspondentes.

3.5. Doutoramento e outros programas

A Universidade de Vigo conta con 42 programas de doutoramento xestionados pola Escola Internacional de Doutoramento. O número de teses lidas fluctúa arredor de 140. Tendo en conta que o doutoramento está íntimamente vencellado á investigación, a descripción do seu rol queda postergada ao seguinte epígrafe.

Ademáis dos programas estándar de grao, mestrado e doutoramento, a Universidade de Vigo oferta formación alternativa a través das súas *Aulas Abertas de Formación Permanente* para o Programa Universitario de Maiores, que conta con arredor de 500 matriculados/as. Na mesma liña está o Centro de Linguas, con arredor de 2.700 matriculados/as, e os talleres, obradoiros e cursos de formación, con arredor de 2.800 matriculados/as.

4. INVESTIGACIÓN E TRANSFERENCIA

4.1. *Persoal investigador*

Aproximadamente dous terzos do persoal da Universidade de Vigo adicado á investigación é o PDI, que compatibiliza tarefas docentes e investigadoras. Unha fracción do persoal restante ten adicación á investigación a tempo completo e son investigadores/as posdoutorais pertencentes a programas nacionais, autonómicos e propios. Por último, está o persoal en formación, ben disfrutando de becas ou de contratos con cargo a proxectos para realizar o seu doutoramento.

A institución académica contaba no ano 2021 con 681 investigadores/as a tempo completo, que sumados aos 1.497 membros de PDI fan un total de 2178 investigadores e investigadoras. Dos 681 membros con adicación exclusiva, 326 son homes e 355 mulleres mentres que 310 teñen menos de 29 anos e 220 entre 30 e 39. En canto á distribución por campus, hai 122 destes/as investigadores/as no campus de Ourense, 27 no de Pontevedra e 532 no de Vigo. A Táboa 12 amosa a distribución do persoal do campus de Ourense con adicación exclusiva á investigación por centro.⁶

Táboa 12. Número de investigadores/as con adicación exclusiva do campus de Ourense no ano 2021.⁶

Centro	Número de investigadores/as
Facultade de Ciencias	74
Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	1
Escola Superior de Enxeñaría Informática	10
Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	4
Facultade de Historia	7
Facultade de Dereito	1
Facultade de Educación e Traballo Social	7
Edificio do Campus da Auga	17
Total	122

4.2. *Grupos de investigación e centros de I+D+i*

Usualmente, os e as investigadoras organízanse en equipos de traballo denominados grupos de investigación. A Universidade de Vigo conta con 172 grupos de investigación, dos que 36 pertencen ao campus de Ourense.¹⁰ A

distribución de grupos de investigación por ámbito de coñecemento ilústrase na Figura 2.



Figura 2. Distribución de grupos de investigación da Universidade de Vigo por ámbito de coñecemento.⁶

As sinerxias entre distintos grupos de investigación arredor dunha temática determinada motivan que decidan asociarse para crear Institutos ou Centros de Investigación. A diferenza básica entre institutos e centros é o tamaño da agrupación, maior no caso dos centros. A Universidade de Vigo non conta con institutos pero sí con centros de investigación: véxase Táboa 13. A Táboa 14 lista os grupos de investigación do campus de Ourense.

Táboa 13. Rede CIGUS de centros de investigación acreditados pola Xunta de Galicia.¹¹

Centro	Campus
Medicina Molecular e Enfermedades Crónicas (CIMUS)	Santiago de Compostela
Química Biolóxica e Materiais Moleculares (CIQUS)	Santiago de Compostela
Tecnoloxías Intelixentes (CITIUS)	Santiago de Compostela
Instituto Galego de Física de Altas Enerxías (IGFAE)	Santiago de Compostela
Investigacións Biomédicas (CINBIO)	Vigo
Tecnoloxías de Telecomunicación (atlanTIC)	Vigo
Investigación Mariña (CIM)	Vigo
Tecnoloxías da Información e as Comunicacións (CITIC)	A Coruña

Táboa 14. Listaxe de grupos de investigación do campus de Ourense.¹⁰

Ámbito	Grupo
Ciencias da Saúde	Estilos de Vida e Termalismo
	Hábitos de Vida Saudables en Tódalas Etapas da Vida
Xurídico-Social	Actividade Física, Expresión e Creatividade
	Economic Modeling and Forecasting
	MEDEA Iuris
	Grupo de Investigacións Económicas e Tecnolóxicas
	Governance and Economics Research Network
	Grupo para a Análise Empresarial
	Investigación Educativa
	Investigación en Contextos Educativos e Socioeducativos
	Organización e Comercialización
	Psicoloxía Evolutiva y da Educación
	Saúde, Sexualidade e Xénero
	Sistemas Xurídicos
	Teoría Feminista
Ciencias Naturais	Planta, Chan e Aproveitamento de Subprodutos
	Enviromental Physics Lab
	Investigacións Agrarias e Alimentarias
	Nutrición e Viticultura
	Bioteconoloxía e Calidade en Industrias Agroalimentarias e Medioambiente
	Química Analítica Ambiental e Toxicoloxía
	Xeoloxía Mariña e Ambiental
	Análise de Cuncas Sedimentarias
	Humanístico
Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio	
Historia Contemporánea I	
Historia Medieval, Historia Moderna e Ciencias e Técnicas Historiográficas	
Tecnolóxico	Enxeñaría Química
	Compiladores e Linguaxes
	Grupo de Informática Gráfica e Multimedia
	Laboratorio de Infromática Aplicada
	Laboratorio de Termofísica
	Linguaxes e Sistemas Informáticos
	Grupo de Óptica Física
	Sistemas Informáticos de Nova Xeración
	Enxeñaría Química 4
Bioteconoloxía Industrial e Tecnoloxía Ambiental	

4.3. Fondos de investigación captados e produción investigadora

O financiamento da investigación é unha parte indispensable do ecosistema do coñecemento e a produción investigadora. No ano 2021 a UVigo captou arredor de 17 millóns de euros mediante proxectos de investigación en

concorrenza competitiva A Figura 3 amosa a distribución dos recursos e do número de proxectos captados por ámbito de coñecemento. A Táboa 15 detalla a distribución de fondos captados polos grupos integrados nas distintas facultades e escolas do campus de Ourense. A produción científica depende en gran medida dos fondos captados. No ano 2021 presentáronse 159 teses de doutoramento e publicáronse 2.008 artigos de investigación.⁶



Figura 3. Distribución dos fondos e do número de proxectos captados pola Universidade de Vigo no ano 2021.⁶

Táboa 15. Fondos de investigación captados no ano 2021 polos grupos de investigación integrados nos centros docentes do campus de Ourense.⁶

Centro	Cantidade (en euros)
Facultade de Ciencias	1.424.570
Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	291.492
Escola Superior de Enxeñaría Informática	238.015
Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	297.800
Facultade de Historia	180.861
Facultade de Dereito	90.000
Facultade de Educación e Traballo Social	10.800
Total	2.533.538

4.4. Actividades de transferencia de coñecemento e facturación

Un bó número de grupos de investigación realiza traballos solicitados por distintas administracións públicas, empresas e fundacións. As tres principais actividades deste tipo, denominadas *de transferencia de coñecemento*, son os contratos, cursos e informes cos que dende a institución abastécense as distintas demandas. O número total de actividades de transferencias da UVigo no ano 2021 foi 709, das que 370 tiñan como contratante entes da Comunidade Autónoma, 301 do resto

de España, 10 da UE e 10 doutros continentes. A Figura 4 amosa a súa distribución por ámbito e a Figura 5 atendendo ao perfil do contratante.




Figura 4. Distribución de actividades de transferencia da UVigo por ámbito no ano 2021.⁶




Figura 5. Distribución de actividades de transferencia da UVigo no ano 2021 por perfil do contratante.⁶




Figura 6. Facturación por actividades de transferencia da UVigo no ano 2021 por perfil do contratante.⁶

A facturación do ano 2021 é de 6,5 millóns de euros, dos que 5,2 corresponden ao campus de Vigo, 1,1 ao de Ourense e 0,14 ao de Pontevedra. A Figura 6 amosa a distribución da facturación por perfil do contratante e a Táboa 16 a distribución de actividades e facturación de cada un dos centros docentes do campus de Ourense no ano 2021.⁶

Táboa 16. Distribución do número de actividades de transferencia e facturación das facultades e escolas do campus de Ourense no ano 2021.⁶

Centro	Número de actividades	Facturación
Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo	2	2.600
Escola Superior de Enxeñaría Informática	141	220.997
Facultade de Ciencias	122	741.434
Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo	9	72.415
Facultade de Historia	3	46.743
Total	277	1.084.189

5. INFRAESTRUTURAS

5.1. *Recintos e Avenida Otero Pedrayo*

O campus de Ourense atópase situado dentro do chan urbán consolidado da cidade, ubicándose en dous recintos claramente diferenciados (Campus Norte e Campus Sur). O Campus Norte está situado na zona de As Lagoas e atópase delimitado pola Avenida Rodríguez Castelao, a Rúa Dr. Temes e a Avenida Otero Pedrayo. O Campus Sur, que ben pode ser definido como o groso do campus e como tal dalle acubillo á meirande parte dos servizos universitarios, está situado ao pé da Avenida Otero Pedrayo cara a A Lonia como un espazo a cabalo entre o rural e o urbán como telon de fondo.

A ubicación do campus de Ourense dentro da cidade ourensá é estratéxica e privilexiada. Está situado nunha das zonas mais soleadas da cidade e, a diferenza doutros campus galegos como os de Vigo e A Coruña, sitúase, camiñando, a escasos minutos de diferentes puntos da cidade. O Campus Norte atópase insertado na malla urbán da cidade, sen posibilidades de crecemento e presentándose ante a cidade como un espazo histórico e armonioso, con amplas zonas verdes que se mesturan cos edificios destinados á ensinanza. É un espazo integrado na cidade grazas a pasadas e acertadas operacións urbanístico-arquitectónicas tan elementais e obvias como, entre outras, a eliminación de muros. Tamén o Campus Sur posúe uns agradables espazos, cunhas edificacións caracterizadas, en xeral, pola súa calidade arquitectónica. A ubicación deste espazo nunha vaguada e os elementos escultóricos que presiden o espazo central acompañan á calidade das edificacións sinaladas. Este recinto constitúe a zona verde mais importante da cidade.

A pesares destas bondades, a relación e comunicación destes dous recintos entre sí e co resto da cidade non resulta todo o apropiada que se podería esperar. Así, aínda que a conexión do Campus Norte co sur da cidade (o chamado centro de Ourense) e axeitada, non ocorre o mesmo coa zona norte, á outra beira do río Miño, onde a Avenida Otero Pedrayo configúrase como un agresivo elemento separador entre campus e cidade. Esta “avenida”, a pesares de ter un bonito nome, é mais unha estrada para vehículos motorizados (OU-536¹²) que un espazo de

circulación amigable e apropiado que tería que ter como eixo central ás persoas. O Campus Sur reproduce estes mesmos defectos aínda con maior intensidade. De novo, a OU-536 configúrase como elemento separador que percorre o recinto tanxencialmente de norte a sur, impedindo unha acertada relación ca cidade e facendo que o espazo universitario de A Lonía se teña desenvolvido como unha nova célula dentro da cidade pero sen unha conexión apropiada con ela. Igualmente insatisfactoria é a interconexión entre os Campus Norte e Sur, que se realiza a través dun paso elevado sobre a OU-536. Un paso que se configura únicamente como un espazo de tránsito para salvar a barreira xerada pola estrada, un paso que resulta insuficiente e moi discutible dende un punto de vista urbanístico.

O campus de Ourense ten que formar parte intrínseca do tecido socioeconómico da cidade e para elo é fundamental conectar e relacionar os espazos universitarios coa cidade moito máis alá dunha simple pasarela sobre unha estrada. Cómpre realizar unha serie de operacións de ciruxía urbanístico-arquitectónica que finalmente cosan e articulen os dous recintos académicos coa cidade. Xa a primeiros de século advertíronse estas debilidades, presentándose no ano 2008 un moi ambicioso proxecto para o campus de Ourense que ordenaba o espazo ocupado polos Campus Norte e Sur pero tamén todo o seu entorno. Este proxecto propoñía un único espazo conectado de xeito peonil que soterraba a OU-536 e creaba novas zonas residenciais e comerciais, expandindo o campus cara o norte e o leste e plantexando ademáis novos e atractivos espazos e edificios públicos. O soterramento da OU-536 é unha das actuacións de referencia desde proxecto e posibilita a conexión peonil entre os Campus Norte e Sur, definindo un amplo corredor verde que cosería as diferentes partes do campus coa cidade, soterrando o tráfico de vehículos rodados e xerando, tamén baixo terra, un importante aparcamento. Daquel proxecto pouco queda ou pouco o nada se ten volto a falar del.

Recentemente, a Xunta de Galicia, como titular da OU-536, ten procedido a realizar una actuación valorada en 2,2 millóns de euros, realizando dúas glorietas e renovando aceiras, vías de servizo, red semaforica e as instalacións e servizos de saneamento, abastecemento e iluminación existentes. Unha vez executadas as

obras, a titularidade da vía ten sido transferida ao Concello de Ourense. Pero a “avenida” segue a ser de facto unha estrada que supón unha barreira entre os dous recintos académicos e entre o campus no seu conxunto e a cidade.

5.2. Edificios e outras infraestruturas

No Campus Norte atópanse o Edificio de Facultades, o Edificio Politécnico e tres dos catro pavillóns do antigo hospital de Ourense. Conxuntamente, estes inmobles danlle acubillo ás Facultades de Historia, Ciencias e Educación e Traballo Social e ás Escolas de Informática e Aeronáutica. No Edificio de Facultades está ademais a vicerreitoría de campus e o Politécnico conta co Salón de Actos Marie Curie, no que se celebran diversidade de eventos, académicos e non académicos. A maiores, están as instalacións do invernadoiro nas que distintos grupos de investigación da Facultade de Ciencias desenvolven parte das súas actividades e un cuarto pavillón do antigo hospital adicado a servizos administrativos.

No Campus Sur está o Edificio Xurídico-Empresarial, que alberga ás Facultades de Dereito e de Ciencias Empresariais e Turismo, e o Edificio do Campus Auga, destinado ao desenvolvemento do proxecto de especialización que leva o seu nome e á sede ourensá (actualmente en construción) do Centro de Apoio Científico-Tecnolóxico á Investigación da UVigo (CACTI). Está tamén a Escola Infantil e a Biblioteca Central do campus de Ourense, con 400 postos de lectura polos 340 da Biblioteca Central do campus de Pontevedra e os 2220 das 8 bibliotecas do campus de Vigo.¹⁰ No Campus Sur atópanse ademais a totalidade das instalacións deportivas: Pista de Atletismo Universitaria de Ourense (co correspondente campo de fútbol-rugby), Pistas de Tenis, Pistas Polideportivas, Pavillón Universitario (baloncesto, fútbol sala, etc.) e Ximnasio BeOne As Lagoas (piscinas, fitness e salas de actividades dirixidas).

Mención particular merece a situación da Escola de Enfermaría. Posto que a titularidade de dito centro pertence á Consellería de Sanidade, as súas instalacións están no Hospital Santa María Nai. Nembargantes, a falta de espazos

ten provocado que no curso 2021-22 teña sido necesario utilizar de xeito adicional dúas aulas do Edificio Politécnico para desenvolver a docencia axeitadamente.

6. INSERCIÓN LABORAL

6.1. Prácticas en empresas e institucións alleas

É frecuente que o estudantado realice nas etapas finais dos ciclos de grao e mestrado prácticas en empresas e institucións alleas á universidade, ben como unha parte dos contidos que debe superar para acadar o título en cuestión (prácticas curriculares), ben como complemento á formación obrigatoria establecida no plan de estudos (prácticas extracurriculares). A Táboa 17 lista o número de prácticas por titulación do campus de Ourense.

Táboa 17. Número de prácticas en empresas por titulación do campus de Ourense no curso académico 2020-21.⁶

Titulación	Número de prácticas		
	Curriculares	Extracurriculares	Total
Grao en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos	10	18	28
Grao en Ciencias Ambientais	17	10	27
Grao en Enxeñaría Agraria	3	5	8
Grao en Xeografía e Historia	30	6	36
Grao en Dereito	20	11	31
Grao en ADE	0	41	41
Grao en Turismo	35	7	42
Grao en Educación Infantil	69	0	69
Grao en Educación Primaria	73	2	75
Grao en Educación Social	116	6	122
Grao en Enfermaría	143	1	144
Grao en Enxeñaría Informática	40	27	67
Grao en Enxeñaría Aeroespacial	9	23	32
Mestrado en Avogacía	34	1	35
Mestrado en Turismo Interior	14	1	15
Mestrado en Xestión do Deporte	16	0	16
Mestrado en Enxeñaría Informática	2	3	5
Mestrado en Formación de Profesorado	62	0	62
Mestrado en Contextos Educativos	32	0	32
Mestrado en Patrimonio Cultural	4	0	4
Mestrado en Ciencias da Antigüidade	2	0	2
Mestrado en Ciencia Agroalimentaria	0	4	4
Mestrado en Sistemas Aéreos Non Tripulados	8	0	
Total	737	162	899

A Asociación de Empresarios do Polígono de San Cibrao das Viñas —o segundo de Galicia en tamaño— considera que a colaboración entre Empresa e Universidade ten que ir máis lonxe da mera realización de prácticas como requisito para a obtención dun determinado título de grao ou mestrado. Cómpre darlle mais relevancia á interacción Empresa-Universidade para que o estudantado, como potencial membro dunha determinada empresa, teña un coñecemento previo amplo antes de ingresar nela. Certamente, é preciso avanzar cara a fórmula que supoña o equilibrio óptimo entre formación integral e empregabilidade a través da adaptación dos contidos curriculares ás distintas actividades empresariais.

6.2. Estatísticas do estudantado egresado

Segundo a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, o conxunto das titulacións de grao do campus de Ourense arroxou os seguintes datos de inserción laboral referidos ao curso académico 2013-14:⁶

Fracción dos/as egresados/as que buscaron traballo relacionado ca súa formación: 77%

Fracción dos/as anteriores que o atoparon: 61%

Tempo medio en atopar traballo trala súa graduación: 10 meses

Estes números son particularmente positivos para os Graos en Enfermaría (93%, 96% e 8 meses), Educación Social (91%, 73% e 17 meses), Traballo Social (94%, 67%, 13 meses), Enxeñaría Informática (75%, 91%, 3 meses), Administración e Dirección de Empresas (70%, 92%, 6 meses) e Turismo (89%, 75%, 5 meses). Aínda non existen estatísticas fiables para as titulacións de mestrado.

A Figura 7 ilustra a demanda das empresas do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas de titulados/as universitarios/as. A nivel xeral, as empresas de maior tamaño requiren titulacións enfocadas a postos de responsabilidade e oficinas, mentres que para a produción apenas se requiren titulacións universitarias. A nivel específico, as empresas do sector agroalimentario demandan graduados/as en Enxeñaría Agraria e Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos, mentres que para o traballo de campo demandan veterinarios/as. Por outra

banda, as empresas dos sectores aeronáutico e da automoción contratan maioritariamente graduados/as en Enxeñaría Aeroespacial e en Enxeñaría Industrial (formados/as no campus de Vigo). Nalgúns casos, requírese especialización a nivel de máster en Robótica ou Mecatrónica. Finalmente, o Grao en Enxeñaría Informática é a titulación mais demandada no sector tecnolóxico. Cabe salientar que o emprego tecnolóxico nos ámbitos da programación e a consultoría crece a un ritmo imparable na provincia de Ourense, pasando de 132 afiliados en 2012 aos 765 actuais.



Figura 7. Titulacións mais demandadas polas empresas do Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas.

7. PROYECCIÓN SOCIAL

7.1. Actividades culturais, deportivas e saudables

No curso 2020-21 celebráronse un total de 56 actividades culturais no campus de Ourense, mentres que no campus de Pontevedra foron 45 e no de Vigo 7. A Táboa 18 aporta información detallada sobre as actividades do campus ourensán.⁶

Táboa 18. Actividades culturais celebradas no campus de Ourense no curso 2020-21.⁶

Actividade	Número de actividades	Asistencia
Exposicións	3	1.300
Coro Universitario	3	350
Teatro e Artes Escénicas	38	9.500
Proxeccións Audiovisuais	12	480
Total	56	11.630

No tocante a deporte e saúde, no curso 2018-19 celebráronse un total de 3.633 actividades nas instalacións do campus de Ourense, mentres que no campus de Pontevedra foron 1.229 e no de Vigo 2.691. A Táboa 19 desglosa as actividades celebradas en Ourense.⁶ A maiores, cómpre sinalar que a UVigo patrocina ao *Club Natación Escualo*, ao *Campus Ourense Rugby* e ao equipo de baloncesto *Universitario Campus Ourense*.

Táboa 19. Actividades deportivas e saudables promovidas polo campus de Ourense no curso 2018-19.⁶

Tipo de actividade	Homes	Mulleres
Uso libre (atletismo, fitness, etc.)	1.205	559
Dirixidas (pilates, zumba, etc.)	129	252
Iniciación deportiva (tenis, voleibol, etc.)	106	96
Competicións (fútbol, baloncesto, etc.)	391*	0
Medicina deportiva	21	22
Fisioterapia	190	164
Rutas culturais	225	273
Total	2.267	1366

*37 equipos

As actividades de divulgación e orientación universitaria tamén merecen ser mencionadas. Pódense citar as conversas da Noite Europea de Divulgación

Científica, *G-Night*, como un proxecto promovido pola Comisión Europea que dende 2005 celébrase en preto de 370 cidades europeas. Está ademais a participación de persoal do campus en actividades dirixidas a fomentar as vocacións do estudiantado mais novo a través das *Olimpiadas de Química, Xeoloxía, Historia, etc.* a *Galiciencia* ou o *Bacharelato STEM* enfocado á formación en ciencia, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas. Estimular as disciplinas STEM nas mulleres conta no campus de Ourense cunha actividade salientable a través do programa *eXXperimenta en femenino*, que mereceu o *Premio Clara Campoamor* outorgado polo Concello de Ourense no ano 2022.

7.2. Ránkings internacionais. Responsabilidade social

A Táboa 20 resume a posición da Universidade de Vigo en distintos rankings internacionais con respecto ao resto de universidades do territorio nacional. Dita comparativa inclúe institucións con estruturas similares e niveis similares de financiamento. Para poñer os resultados en contexto, resulta instrutivo mencionar que a UVigo ocupa o posto 339 entre as universidades europeas do ranking *Best Global University Rankings* e que ningunha universidade española sitúase entre as 150 primeiras do mundo no prestixioso ranking ARWU (Shanghai).

Táboa 20. Posición da Universidade de Vigo nos rankings internacionais con respecto ás universidades españolas no ano 2021.¹³

Ránkings	Posto a nivel nacional
ARWU (Shanghai)	13-17
Times Higher Education	34
Times Young University*	17-23
Leiden	18
URAP	21
CWUR	22
Scimago Institution Rankings	27
Best Global University Rankings	24
Green Metric	21

*Universidades de menos de 50 anos.

É importante sinalar que a investigación da Universidade de Vigo no campo de *Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos* —principalmente debida á Facultade de

Ciencias do campus ourensán— ocupa un lugar relevante no ranking ARWU (Shanghai) ao situarse na franxa 51-75 de tódalas institucións do planeta. Éste é o resultado máis salientable da Universidade de Vigo, seguido polo posto 101-150 de Oceanografía.

Táboa 21. Posición global da Universidade de Vigo no ranking Times Higher Education Impact do ano 2021.¹³

Obxectivo	Posto a nivel mundial	Nº de Univ. avaliadas
Fin da pobreza	301-400	591
Fame cero	201-300	442
Saúde e benestar	601-800	872
Educación de calidade	101-200	966
Igualdade de xénero	88	776
Auga limpa e saneamento	201-300	520
Enerxía accesible e non contaminante	39	560
Traballo digno e crecemento económico	201-300	685
Industria, innovación e infraestrutura	101-200	680
Redución de brechas	201-300	669
Cidades e comunidades sostibles	101-200	656
Produción e consumo responsable	101-200	503
Acción polo clima	301-400	566
Paz, xustiza e institucións	101-200	379
Vida de ecosistemas terrestres	101-200	402
Paz, xustiza e institucións sólidas	201-300	653
Alianzas para lograr obxectivos	301-400	1155

Finalmente, a Táboa 21 resume os resultados da Universidade de Vigo no ranking *Times Higher Education Impact* do ano 2021. Trátase dunha iniciativa do semanario británico especializado en educación superior *Times Higher Education* na que se evalúa o rendemento das universidades nos *Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 de Nacións Unidas*. A mera existencia deste ranking dá unha medida moi clara da responsabilidade social da institución universitaria no desenvolvemento humano.

8. AXENDA 2030 DO CAMPUS DE OURENSE

8.1. Contexto e políticas actuais

Os arredor de 30 anos de existencia do campus de Ourense son tempo dabondo para facer balance. Unha ollada retrospectiva permite concluir que este longo período ten suposto unha etapa de expansión e consolidación na que todo ten sido novo e descoñecido. Os 20 primeiros anos dela transcurriron nun contexto de bonanza e os 10 últimos estiveron marcados pola crise económica global que comenzou en 2008. Esta crise golpeou particularmente forte no noso país, afectando ao seu sistema universitario e ás políticas en materia de I + D + i. Superadas boa parte das dificultades, as oportunidades serán mais e mellores.

É razoable esperar que o noso país inicie un camiño decidido cara un investimento conxunto do sistema universitario e o tecido de I + D + i que poida achegarse ao obxectivo europeo do 3% do PIB. Ese é certamente o espírito da reforma da Ley do Sistema Universitario de España, cuxo anteproxecto sinala a necesidade de converxer en termos de financiamento cos países mais desenvolvidos.² O mesmo se aplica á reforma da Ley de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, tramitada recentemente polo Consejo de Ministros co obxectivo de alcanzar en 2030 un investimento do 1,25% do PIB en I + D + i. Ditas Leis deben ser asumidas polo conxunto da comunidade universitaria española como unha oportunidade para amosar, nun necesario exercicio de rendición de contas, que o investimento que unha sociedade faga no seu sistema de educación superior seralle devolto con creces.

As políticas expansivas vislúmbrese igualmente no Sistema Universitario de Galicia. No tocante á docencia, logo da adaptación das ensinanzas de grao e mestrado ás esixencias do Decreto 222/2011 sobre o número mínimo de estudantes, a listaxe de titulacións do noso sistema universitario está a medrar e camiña cara abarcar tódalas ramas do coñecemento. Concretamente, existe unha estratexia conxunta da Xunta de Galicia e as tres universidades públicas de incorporar unha ducia de novos graos co obxectivo de alcanzar á completude do catalogo de titulacións do SUG, de xeito que ninguén se vexa forzado a abondar a nosa Comunidade Autónoma para cursar os seus estudos universitarios.¹⁴ A diferenza do acontecido en etapas anteriores de expansión e actualización do

mapa de titulacións, esta vez Ourense chega a tempo para reclamar que o seu campus sexa tido en conta dende o principio nun proceso que está a arrancar nestes momentos.

En canto á investigación, nos últimos anos a Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo están a promover programas propios de captación de talento investigador análogos aos de ámbito nacional e internacional (Ramón y Cajal, Juan de la Cierva, Marie Curie, etc.).¹⁵ Por outra banda, a Xunta de Galicia ven de establecer en 2021 un procedemento para regular a aprobación de Centros e Institutos de Investigación.¹⁶ O pulo á I + D + i galega abre a porta á renovación dos envellecidos cadros de persoal e axudará a revertir a fuga de cerebros, unha situación que ten asolado ao noso sistema universitario na última década.

Pola súa banda, a recente regulación da Mención Dual das ensinanzas universitarias¹⁷ constitúe un marco normativo idóneo para achegar a formación ás demandas concretas do mercado laboral. Esta senda da relación Universidade-Empresa merece ser explorada máis alá da docencia, extendendo a búsqueda de puntos en común á investigación e a transferencia de coñecemento. A vicerreitoría de nova creación de Relacións coa Empresa (da Universidade de Vigo) supón unha oportunidade para fornecer todos estes aspectos.

No eido tecnolóxico, cómpre mencionar a recente creación, con sede no Parque Tecnolóxico, do Centro de Excelencia en Ciberseguridade de Galicia. Dito centro está chamado a absorber parte do talento que emana do campus, que a partires do curso 2022-23 formará en Intelixencia Artificial. A aposta ourensá por esta disciplina abrangue un acordo unánime das forzas políticas representadas en Concello e Deputación Provincial de Ourense para que a nosa provincia sexa a sede do Centro Nacional de Intelixencia Artificial.

O mesmo consenso político ten suscitado a adecuación da Avenida Otero Pedrayo para converterse ao seu paso polo campus nun espazo amigable que lle dea prioridade ás persoas e non ao tráfico motorizado. Esta avenida e de facto unha estrada que atravesa o campus universitario, segregando o Campus Sur como a zona verde mais importante da cidade que é e limitando as posibilidades de que a cidadanía disfrute dun dos seus espazos de maior soleamento. Na procura dunha solución a toda esta problemática, é imperativo ter en conta o inminente comenzo

do proceso de implantación da cidade administrativa da Xunta de Galicia en As Lagoas. Tamén son relevantes as actuais dotacións de terreos para explotación comercial (Lidl, McDonalds, etc.), os plans conxuntos de Xunta e Universidade de Vigo de ampliar o campus incorporando dous novos inmobles para usos docentes e de investigación¹⁸ e as estratexias propias da UVigo en materia de accesibilidade, seguridade e prevención de riscos das súas infraestruturas.¹⁹ Todos estes factores establecen un escenario de elevada presión urbanística que obrigan a Concello de Ourense, UVigo e Xunta a colaborar cara unha actuación de calado en clave de cidade e campus que armonice os ambientes administrativo, universitario, residencial e comercial da zona. No caso concreto da ampliación do campus, as posibilidades deben pasar no curto prazo pola calificación como dotacionais de espazos adxacentes aos recintos actuais e esa medida envolve ao Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) de Ourense pendente de ser aprobado. En todo caso, os preceptivos concursos de ideas para as infraestruturas implicadas marcarán o pistoletazo de saída para dirimir todas estas cuestións.

A incorporación de dous novos edificios ao campus ten alo menos dúas derivadas adicionais. Por unha banda, haberá que ter presentes as oportunidades que poden ofrecer para incrementar o número de postos de lectura en biblioteca na cidade. Pola outra, a creación destes inmobles provocará unha reordenación dos espazos asignados aos distintos centros docentes que haberá de ser inclusiva con respecto á Escola de Enfermaría. A situación de precariedade deste centro debe atopar unha vía de solución coa transferencia da súa titularidade dende a Consellería de Sanidade á de Cultura, Educación e Universidade, que según as nosas informacións será formalizada en breve.

A nosa organización ten preparado traballos na liña do presente sobre as infraestruturas da provincia, a súa sanidade, comercio e industria da construción, os seus bosques e a silvicultura, o funcionamento do Concello de Ourense, o termalismo e a posición ourensá ante a xestión dos fondos europeos. Todos estes aspectos gardan relación co campus en maior ou menor medida, pero un caso no que dita relación é particularmente clara e directa é o das infraestruturas viarias pendentes. Concretamente, a Autovía entre Ponferrada e Ourense (A-76) reducirá o tempo do traxecto entre a comarca de Valdeorras e a capital a menos da metade

do tempo actual. Pola súa banda, a Autovía entre Lugo e Ourense (A-56) vertebrará a Galicia Interior conectando todo o val de Lemos e Chantada con Ourense. En terceiro lugar, a prolongación da Autovía Ourense-Celanova (AG-31) comunicará a Ourense coas zonas portuguesas transfronterizas. Da man do ministerio correspondente, todas estas infraestruturas acercarán ao campus a estudantado dos territorios colindantes.

8.2. Análise DAFO

O contexto actual e as escalas temporais das políticas en marcha suxiren unha estratexia para o campus de Ourense cara o horizonte do ano 2030. A lo menos ata o ano 2026, esta *Axenda 2030 do Campus de Ourense* pódese plasmar en termos de contido concreto na seguinte análise de Debilidades, Fortalezas, Ameazas e Oportunidades:

Debilidades

- D1. As baixas taxas de matriculación dos Graos de Turismo e Enxeñaría Agraria.*
- D2. A non implantación do Mestrado de Enxeñaría Aeronáutica, que impide reter o talento captado polo Grao en Enxeñaría Aeroespacial.*
- D3. O escaso peso na impartición dos mestrados derivados do estudo Galicia 2030.*
- D4. A ausencia de Centros e Institutos de Investigación.*
- D5. A falta de espazos para integrar á Escola de Enfermaría en As Lagoas.*
- D6. A deficiente comunicación dos Campus Norte e Sur entre sí e coa cidade.*
- D7. A falta dun PXOM de Ourense cunha previsión específica con respecto á necesaria ampliación do campus no curto prazo.*

Fortalezas

- F1. A capacidade da Facultade de Ciencias para captar fondos de investigación e transferencia e a destacada posición da súa investigación nos rankings internacionais.*
- F2. A versatilidade da Facultade de Empresariais e Turismo na oferta de dotes graos e a súa estreita vinculación co tecido empresarial.*

F3. A capacidade da Facultade de Educación e Traballo Social para captar estudantado e a súa proxección profesionalizante no ámbito educativo-social.

F4. A proxección profesionalizante da Facultade de Dereito no ámbito xurídico.

F5. O demandado perfil profesionalizante da Escola de Enfermaría.

F6. A capacidade do Grao en Enxeñaría Aeroespacial para atraer estudantado de alto rendemento académico en enxeñaría.

F7. A exclusividade e singularidade do Grao en Xeografía e Historia no sur de Galicia.

F8. A capacidade da Escola de Informática para captar estudantado e desenvolver actividades de transferencia tecnolóxica.

F9. A excelente ubicación dos Campus Norte e Sur e a accesibilidade das súas instalacións ao conxunto da cidadanía.

Ameazas

A1. A supresión de titulacións de grao ao abeiro do Decreto 222/2011 da Xunta de Galicia contemplada para o período 2022-2026.

A2. O envellecemento dos cadros de PDI.

A3. A competencia cos campus galegos, incluíndo os correspondentes a institucións privadas.

A4. O previsible aumento da mobilidade arredor da Avenida Otero Pedrayo, que agravará unha situación actual que non é óptima.

A5. Ás limitacións de espazo ás que pronto se enfrontará o campus, que poden lastrar as súas posibilidades de crecemento futuro.

Oportunidades

O1. A apertura do mapa de titulacións do SUG para a implantación dunha ducia de novos graos no período 2022-2026.

O2. Os programas nacionais, autonómicos e propios da UVigo para a captación de talento investigador.

O3. O recente establecemento por parte da Xunta de Galicia dun procedemento regulado para a aprobación de centros e institutos de investigación.

O4. A recente entrada en vigor do Real Decreto que regula a Mención Dual nas ensinanzas universitarias.

05. Os plans da Xunta de Galicia de transferir a xestión das Escolas de Enfermaría galegas dende a Consellería de Sanidade á de Cultura, Educación e Universidade, que facilitará o traslado de Enfermaría ao campus.

06. O plan da Xunta de Galicia para a dotación de infraestruturas físicas nos campus do SUG, que contempla a construción de dous edificios que liberarán espazo para a integración de Enfermaría en As Lagoas e abrirán a posibilidade de incrementar o número de postos de lectura en biblioteca na cidade.

07. O conxunto de operacións urbanísticas arredor da Avenida Otero Pedrayo, que abren a porta a unha actuación a grande escala para a humanización da zona e a comunicación dos Campus Norte e Sur entre sí e coa cidade.

9. EPÍLOGO

Profundizando na cuestión básica “¿Qué necesita o campus de Ourense?”, a resposta mais curta e elemental ben pode ser “o que sempre tivo e ten”. E “o que sempre tivo e ten” é o compromiso de toda unha sociedade civil co desenvolvemento do seu campus universitario como instrumento esencial da súa sociedade do coñecemento. Con este posicionamento, a sociedade ourensá ten contribuído como comunidade a situar o noso territorio na senda das estratexias de desenvolvemento global de Nacións Unidas.

Falar do campus de Ourense é falar dun dos dous campus universitarios da Galicia Interior. É polo tanto falar dun dos territorios mais desfavorecidos de España e o de peores parámetros socioeconómicos de Galicia. Pero tamén é falar de esforzos colectivos que teñen estimulado aos nosos representantes institucionais para, entre todos, acadar un modelo de éxito. En definitiva, é apelar ao fundamento moral da educación e o progreso en sí mesmos. Calquera pensamento adicional pode chegar a ser igual de esclarecedor que o expresado neste epílogo, pero non mais.

Ourense, 22 de xuño de 2022

FORO LICEO
“E OURENSE TAMÉN”

REFERENCIAS E FONTES DE INFORMACIÓN

¹Informe Mundial da UNESCO *Hacia las Sociedades del Conocimiento*, Edicións UNESCO, 2005.

²Anteproxecto de Ley Orgánica do Sistema Universitario, accesible a través do sitio web universidades.gob.es.

³Informe *Propuestas para la Reforma y Mejora de la Calidad e Eficiencia del Sistema Universitario Español*, elaborado por unha comisión de expertos e entregado ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte o 12 de febreiro de 2013.

⁴Documento *Universidade de Ourense 1995. Mapa de Titulacións*, elaborado polo profesor Manuel González Lorenzo en nome da *Plataforma Pro Campus*.

⁵Documento *Enxeñaría Física en Ourense*, elaborado en 2014 polo profesor Manuel González Lorenzo en nome da *Plataforma Pro Campus*.

⁶Información extraída do *Portal de Transparencia* da Universidade de Vigo.

⁷Artigo *Impacto Económico dun Proxecto de Especialización de Campus na Economía local: Aplicación ao Campus da Auga (Campus de Ourense)*, publicado por P. Sánchez Fernández, J. Salgado Barandela, M. Pérez Álvarez e A. Barajas.

⁸Documento *La Situación Socioeconómica de Ourense*, elaborado polo *Foro Liceo*.

⁹Información extraída do sitio web ciug.gal.

¹⁰Información extraída do sitio web uvigo.gal.

¹¹Información extraída do sitio web xunta.gal.

¹²<https://es.wikipedia.org/wiki/OU-536>.

¹³Informe da *Presenza da Universidade de Vigo nos Principais Rankings Universitarios 2021*, elaborado pola *Unidade de Análises e Programas da Universidade de Vigo*.

¹⁴Acordo entre a *Consellería de Cultura, Educación e Universidade* e as *Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo* para a definición do marco xeral de actualización do mapa de titulacións do SUG para o período 2022-2026.

¹⁵Entre outros, *Programa de Axudas de Apoio á Etapa de Formación Posdoutoral da Xunta de Galicia* e *Programa Propio de Captación e Retención de Talento Investigador da Universidade de Vigo*.

¹⁶Orde da *Consellería de Cultura, Educación e Universidade* do 26 de marzo de 2021 pola que se regula o procedemento de aprobación de centros e institutos de investigación do SUG.

¹⁷*Real Decreto 822/2021* polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento de aseguramento da súa calidade.

¹⁸Dita previsión está contemplada no plan autonómico de dotación de infraestruturas para os distintos campus do SUG, informado favorablemente na reunión do Consello Galego de Universidades celebrada o 7 de decembro de 2021 e cun investimento aproximado de 28 millóns de euros anuais durante o período 2022-26.

¹⁹Obxecivos 11 e 12 do *Plan Estratégico 2021-2026 da Universidade de Vigo*.